

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALCEDA DE CASELAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO SOBRE O USO DA FACTURA ELÉCTRICA.

En data de 27 de xaneiro de 2015 o Pleno do Concello de Salceda de Caselas aprobou inicialmente o Regulamento sobre o uso da factura electrónica do Concello de Salceda de Caselas. Ao abeiro do establecido no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), someteuse o expediente a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 23 de 4 de febreiro de 2015, e mais no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para o seu exame e presentación de reclamacións e alegacións.

Ao non terse presentado ningún tipo de reclamación ou alegación o Regulamento enténdese definitivamente aprobado, publicándose para o seu xeral coñecemento o texto íntegro do mesmo; entrando en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días hábiles ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e 107.3 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contra o presente acordo, os interesados unicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sá correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

REGULAMENTO SOBRE O USO DA FACTURA ELECTRÓNICA NO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

Exposición de motivos

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable no Sector Público establece no seu artigo 4 que todos os provedores están obrigados ao uso da factura electrónica e a súa presentación, a través do punto xeral de entrada que corresponda.



Establecetamén o dito artigo, que as Administracións Públicas poderán excluir regulamentariamente desta obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000,00 € e as remitidas polos provedores aos servizos no exterior das Administracións Públicas.

Tendo en conta as características dos provedores cos que traballa esta Entidade local, considerase necesario facer uso desta facultade de exclusión para así evitar que determinados provedores teñan dificultades para a xestión das facturas emitidas.

A entrada en vigor do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, como recolle a súa Disposición Final 8ª, sobre a obriga de presentación de factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, fai necesario regular esta facultade das Administracións Públicas de excluir da obriga da factura electrónica.

Artigo 1º.—Punto xeral de entrada de facturas electrónicas

En cumprimento da obriga deste Concello de dispor de un Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas para permitir a presentación electrónica de todas as facturas e outros documentos emitidos polos provedores e contratistas, o Concello de Salceda de Caselas adhiúrese ao punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración do Estado (FACE), dispoñible na URL <https://face.gob.es/es/>, cuxa recepción de facturas terá os mesmos efectos que se deriven da presentación dos mesmos no rexistro administrativo.

Artigo 2º.—Uso da factura electrónica

1. De conformidade co artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación dun rexistro contable das facturas no Sector Público, todos os provedores que entregaran bens ou prestaran servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso estarán obrigados ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda as seguintes entidades:
 - a) Sociedades anónimas
 - b) Sociedades de responsabilidade limitada
 - c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezcan de nacionalidade española
 - d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes no territorio español nos termos que establece a normativa tributaria
 - e) Unións temporais de empresas
 - f) Agrupacións de interese económico, Agrupacións de interese económico europeo, Fondo de pensións, Fondo de capital de risco, Fondo de inversión, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo e Titulización hipotecaria ou Fondo de garantía de inversión.



2. En virtude da potestade regulamentaria conferida dacordo co apartado 2º do referido artigo 4º, estarán excluídas da obriga de facturar electrónicamente a este Concello de Salceda de Caselas as facturas de ata un importe de 5.000,00 €.

Igualmente, quedan excluídas as facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que ditas facturas poidan satisfacer os requerimentos para a súa presentación a través do Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas, dacordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción en ditos servizos.

3. Establecer que os códigos DIR3 do Concello de Salceda de Caselas, dacordo coa súa estrutura organizativa, son os seguintes:

- Código da oficina contable: Contabilidad
- Código do órgano xestor: Alcaldía
- Código da unidade tramitadora: Ayuntamiento.

Estos códigos serán indispensables para a remisión de todas as facturas electrónicas.

Disposición final única

O presente regulamento entrará en vigor a partir da publicación de seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcurrirá o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, regularoda das bases do Rexime Local.

Salceda de Caselas, a 18 de marzo de 2015.—O Alcalde, Marcos David Besada Pérez.

